


Os Bolechas

guías

PEPE CARREIRO

van coñecer a Unión Europea





Os Bolechas queren saber onde está a **Unión Europea**. A ver se a atopan no globo terrestre!




–Velaí a está! –sinala Pili co dedo furabolos.
Acertou! **A Unión Europea está en Europa.**




A Unión Europea está formada por **27 Estados membros** que se uniron para faceren cousas xuntos.

–Velaí está Galicia! –sinala Carlos co dedo maimiño. Si, **Galicia tamén está na Unión Europea.**



Na Unión Europea viven case 500 millóns de persoas!
E fálanse **máis de 80 idiomas!**



–Ese señor fala galego –sinala Sonia co dedo matapiollos.
Si! Porque **o galego é un dos idiomas que se falan na Unión Europea.**



O clima da Unión Europea varía moito dun lugar a outro. Hai lugares **húmidos, secos, fríos, moi fríos, calorosos...**



–En Galicia chove abondo –sinala Loli co dedo anular. Si, como noutros lugares de Europa que están **á beira do Atlántico.**



Roma



París




Atenas



Santiago de Compostela




Bruxelas



Copenhague



Berlín



Porto

A xente da Unión Europea vive sobre todo en cidades.
Hai moitísima máis xente nas cidades que no campo.

Moitas desas cidades son antigas e teñen moitos monumentos.
Algunhas xa existían na época do Imperio romano!



O círculo de estrelas simboliza a unidade, a solidariedade e a harmonía entre os pobos

O 9 de maio celébrase o **Día de Europa**

A bandeira da Unión Europea é de **cor azul** e ten **12 estrelas douradas** formando un círculo.


Beethoven é un músico alemán, un dos máis importantes da historia da música. O Himno á Alegría é parte da súa **Sinfonía número 9**.



O himno da Unión Europea foi composto por **Beethoven** hai 200 anos. Chámase **Himno á Alegría**.



Antigamente, os países que agora forman a Unión Europea estaban separados e ás veces pelexaban entre eles.



Pero desde que se xuntaron na Unión Europea non volveron pelexar. **Agora arranxan os problemas falando entre todos.**






As persoas da Unión Europea poden **andar libremente** por todos os países da Unión.




Antigamente, as persoas tiñan que pasar por unha **alfándega** para viaxaren dun país a outro.

–Velaí van a avoa Flora e o avó Emiliano. Están pasando de Francia a Alemaña –sinala Braulio co dedo pai de todos.



As mercadorías producidas na Unión Europea tamén se poden **transportar libremente** por todos os países da Unión.



As mercadorías tamén pasaban antigamente por unha **alfándega** para ir dun país a outro.

Tatá sinala co chupete o camiión do tío Lisardo levando pementos. Claro! **Na Unión Europea mercan moitos produtos de Galicia.**

AS ANTIGAS MOEDAS

Antigamente, cada Estado tiña a súa moeda. Por exemplo, un xeado pagábase con **marcos** en Alemaña e con **liras** en Italia. Estas son algunhas das máis famosas:



○ **marco**,
en Alemaña



○ **dracma**,
en Grecia



○ **libra**,
en Irlanda



○ **peseta**,
en España



○ **lira**,
en Italia



○ **florín**,
nos Países Baixos



○ **franco**,
en Francia



○ **xilin**,
en Austria




○ **escudo**,
en Portugal



Agora pagamos un xeado con euros en case todos os países da Unión Europea. Porque **o euro é a moeda única**.

O CONSELLO EUROPEO


O Consello Europeo é quen **dirixe** a Unión Europea. Está formado por todos xefes ou xefas de cada un dos Estados.



No Consello Europeo trátanse temas moi diversos: agricultura e pesca, medio ambiente, transporte e enerxía...

A COMISIÓN EUROPEA


A Comisión Europea está formada por **unha persoa que a preside e 27 persoas que representan os Estados membros**. Estas persoas chámanse **comisarias e comisarios**.



A Comisión Europea é a encargada de propor ideas e leis. Tamén representa e defende os intereses da UE.

O PARLAMENTO EUROPEO E O CONSELLO DA UNIÓN EUROPEA

Fan xuntos as leis da Unión Europea. O Parlamento Europeo está formado por **705 deputadas e deputados**. No Consello da Unión Europea participan **ministros e ministras** dos gobernos dos Estados membros.




No Parlamento Europeo tamén hai deputadas e deputados de Galicia.

As deputadas e deputados elíxenos as cidadás e cidadáns de toda a Unión Europea.

O TRIBUNAL DE XUSTIZA

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea é quen decide quen ten razón **cando hai desacordos entre os Estados membros e a Unión Europea**.




OS DEREITOS HUMANOS


Todos os Estados da Unión Europea teñen que respectar os Dereitos Humanos. Por exemplo:



Todas as persoas **somos iguais ante a lei**.




Todas as persoas temos **dereito á educación**.




Todas as persoas **podemos pensar e dicir libremente o que queiramos**.

CONTROL DOS PRODUTOS


Todos os produtos que circulen pola Unión Europea teñen que respectar as normas da Unión. Por exemplo:



Os produtos malos para a saúde serán **retirados** do mercado.



O transporte de alimentos ten que respectar as normas de **hixiene**.



Os produtos que cumpren as normas da Unión Europea levan unha **etiqueta**.




As etiquetas dos envases teñen que **informar** claramente do contido.

O MEDIO AMBIENTE

Todos os Estados da Unión Europea teñen que **respectar a natureza**. Por exemplo:



Protexer as especies **animais e vexetais** ameazadas de extinción.



Asegurar que **a auga** teña calidade para beber e bañarse.



Coidar **o aire**.



Tomar medidas para evitar **o cambio climático**.

AXUDAR A OUTROS PAÍSES

A Unión Europea **axuda** a países de fóra da Unión. Por exemplo:




Cando ocorren **desastres** por terremotos, inundacións, volcáns...



Cando necesitan **auga** de calidade para beber e cociñar.



Cando necesitan **medicinas**.




Cando necesitan **alimentos**.

A AXENCIA ESPACIAL EUROPEA



A **Axencia Espacial Europea** é un centro da Unión Europea que fabrica naves espaciais e ten astronautas para explorar o espazo.

GALILEO



Galileo é un programa da Unión Europea para viaxar coa axuda de satélites. Como o que levan os coches, os avións ou os barcos.

ERASMUS



Erasmus é un programa para que as mozas e mozos poidan estudar en calquera país da Unión Europea.

A ORQUESTRA XOVE



A **Orquestra Xove da Unión Europea** é unha orquestra formada por mozas e mozos de todos os países da Unión.



Carlos volve sinalar Galicia. Si, **Galicia tamén está na Unión Europea** e ten deputadas e deputados no Parlamento Europeo.



Ademais, Galicia está representada na Unión Europea mediante a **Fundación Galicia Europa**.

A FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

As oficinas da Fundación Galicia Europa en **Bruxelas** e **Santiago de Compostela** traballan para que **Galicia e a Unión Europea** estean máis unidas. Estas son algunhas das súas actividades:



Axudan a **defender as cousas que benefician a Galicia.**




Colaboran con outras rexións europeas para sumar forzas.




Forman mozas e mozos que queren coñecer como funciona a UE.



Axudan a presentar proxectos na Unión Europea.



Os Bolechas xa saben moitas cousas da Unión Europea. Agora están a xogar a ver quen coñece máis cidades.



-Velaí está París. E alí Atenas. E aquí Roma. E alá Estocolmo!
-E acolá Praga. E aquí abaixo Cambados!



Os Bolechas™

PEPE CARREIRO



Carlos



Loli



Pili



Braulio



Sonia



Tatá



Chispa



Mamá Bolechas Amparo



Papá Bolechas Daniel



Avoa materna Balbina



Avó materno Marcelo



Avoa paterna Flora



Avó paterno Emiliano



Curmá Sarela



Curmá Ying



Curmán Kofi



Tía Camila



Tío Lisardo



Lusco



Fusco



Curmá Saladina



Tía Lupa



Tío Agostiño